

TAREFA 1: "COMUNIDADE FREAK"



MESTRA: Nataxa (Titira de 1ºEP)

ÁMBITOS DE APRENDIZAXE INCLUSIVOS: ÁMBITO STEAM

CONTEXTO: 4º, 5, 6º de educación infantil e 1º de primaria

CURSO: 2022/2023



1. IDENTIFICACIÓN

TÍTULO DA TAREFA:	COMUNIDADE FREAK		
ETAPA:	Educación infantil e educación primaria	NIVEIS:	4º, 5º e 6º EI, 1º EP
ÁREAS:	Infantil: Comunicación y representación da realidade, Crecemento en armonía, Descubrimento e exploración do entorno. Primaria: Lingua Galega, CCNN, CCSS, Matemáticas e Educación Plástica e visual.	MESTRAS:	NATAXA, LUCÍA, LAURA, ALFONSO, JOANA E DIEGO.
DESCRIPCIÓN DA TAREFA:			
<p>“Comunidade Freak” é unha tarefa que abarca todo o curso, na que iremos coñecendo o mundo do cosplay e desenvolvendo todas as habilidades e destrezas que implica a confección artística dun atuendo. Covertirémosnos en Cosmakers achegarémonos ao manexo de distintas ferramentas para desenvolver o proceso paso a paso dende a fase inicial de deseño ata a o produto final que nesta primeira parte da tarefa será a confección dunha máscara que representará o rostro do noso cosplay.</p>			
XUSTIFICACIÓN:			
<p>Todo o traballo realizarase en pequenos equipos de idades mixtas que vivenciaron a necesidade da toma de decisións en grupo, a escoita, o respecto e valoración do traballo e diversidade de cada un dos membros e a expresión das propias necesidades, emocións e gustos para acadar xuntos un resultado final satisfactorio para o grupo. Esta tarefa busca ofrecer modelos estéticos non estereotipados promovendo o desenvolvemento da expresión artística de cada nenx sen limitacións e condicionamentos externos en consonancia co ODS 5 “Igualdade de Xénero”.</p>			
CONTEXTO:			
Aulas de 4º, 5º, 6º de EI e aula de 1º de primaria.			

2. CONCRECIÓN CURRICULAR		
ACTIVIDADES	CRITERIOS DE AVALIACIÓN/INDICADORES	INSTRUMENTO DE AVALIACIÓN
<p>1. Presentación da tarefa Formamos un círculo e comezamos preguntando se alguén coñece o que é un cosplay. Despois de que xurdan ideas imos ver unha pequena presentación de diapositivas nas que explicamos dun xeito sinxelo: Que é un cosplay? Onde xurdiu? Quen o fai? Que pasos precisamos seguir para crear un cosplay. Explicamos que ese é o obxectivo da nosa primeira tarefa e que nas seguintes catro sesións imos facer un traballo en equipo para confeccionar a cara do noso cosplay.</p>	<p>Educación infantil: (ACRR) CA1.2 Interpretar as mensaxes transmitidas mediante manifestacións ou representacións artísticas, tamén en formato dixital, recoñecendo a intencionalidade do emisor e mostrando unha actitude curiosa e responsable. (OBX2)</p>	<p>- Escala de valoración</p>
	<p>1º Educación primaria: (ALG) CE2.1 Comprender o sentido dos textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo as ideas principais e as mensaxes explícitas e implícitas sinxelas, iniciando, de xeito acompañado, a valoración do contido da información máis relevante e os elementos verbais elementais.(OBX2)</p>	
<p>2. Cosmaker-cosplay Coñecemos profesións Que fai cada profesión? Ampliamos vocabulario e establecemos relacións entre o traballo e o produto final derivado desa actividade.</p>	<p>Educación infantil: (ACRR) CA2.2 Descubrir e utilizar vocabulario propio das linguas cooficiais recoñecendo a súa importancia.(OBX5)</p>	<p>- Escala de valoración</p>

<p>Manexamos nun panel no chan o beebot para relacionar as casillas.</p>	<p>1º Educación primaria: (ALG) CE2.2 Ampliar paulatinamente o vocabulario a partir de experiencias e situacións de aula. (OBX2)</p>	
<p>3 . O rostro Repasamos as partes do rostro en galego para compoñer caras con todos os elementos que compoñen o rostro: beizos, cellas, pestanas, ollos, nariz, fazulas, queixo, frente...</p>	<p>Educación infantil: (ACA) CA1.1. Tomar conciencia del propio cuerpo global y segmentariamente.(OBX1) (ADEE) CA7.2 Elaborar creacións plásticas explorando e utilizando diferentes materiais e técnicas participando activamente no traballo en grupo. (OBX3)</p> <p>1º Educación primaria: (ACCNN) CE2.5 Coñecer as principais partes do corpo, identificando os órganos implicados na realización das funcións vitais.(OBX2) (AEPV) CE2.1 Producir obras propias de xeito guiado, utilizando algunha das posibilidades expresivas do corpo a imaxe e os medios dixitais básicos, experimentando con diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance. (OBX3)</p>	<p>- Escala de valoración</p>
<p>4. O corpo Observamos as relacións entre magnitudes observables como os tamaños da roupa para cada medida de corpo.Tendo en conta isto vestimos bonecxs sempre desfacendo esteriotipos tanto nas profesións como na indumentaria. Transmitindo que nin as cores, nin as profesións teñen marcas de xénero. Cada persoa é libre de</p>	<p>Educación infantil: (ACA) CA1.2. Coordinar y controlar su cuerpo y sus posibilidades motrices adaptándolo a las características de los objetos, a la acción y a la vida cotidiana.(OBX1) (ADEE) CA7.2 Elaborar creacións plásticas explorando e utilizando diferentes materiais e técnicas participando activamente no traballo en grupo. (OBX3)</p> <p>1º Educación primaria: (AM) CE1.7 Recoñecer as matemáticas presentes na vida cotiá e noutras áreas , establecendo conexións sinxelas entre elas.(OBX5)</p>	<p>- Escala de valoración</p>

<p>escoller o que desexe sen condicionamentos impostos.</p>		
<p>5. Dramatizacións Repartimos en pequeno grupo tarxetas nas que aparecen fotos de complementos e roupa para crear un disfraz. Cada un ten que compoñer o seu disfraz cos elementos que marca a tarxeta que se atopan todos nun cesto. Iremos probando todos por turnos cada disfraz e ímonos facendo os uns os outros fotos co ipad para poder observarnos.</p>	<p>Educación infantil: (ACA) CA8.4 Utilizar o xogo simbólico como representación e intercambio de roles en situacións de dramatización. (OBX3) (ACA) CA2.5. Relacionarse coas outras persoas aceptando e mostrando afecto de maneira libre, segura, respectuosa e alonxada de todo tipo de estereotipos.</p> <hr/> <p>1º Educación primaria: (ACCSS) CE1.1 Utilizar dispositivos e recursos dixitais de xeito seguro e de acordo as necesidades do contexto educativo.(OBX1)</p>	<p>- Escala de valoración</p>
<p>6. Traballamos de cosmakers: Entre todos pensamos e comentamos as habilidades que ten que desenvolver unha costureira ou un xastre para confeccionar un traxe. Comentámolas nun círculo inicial e iremos explicando os pasos de cada proceso para logo desenvolverlas por estacións en pequeno grupo. Decidimos que a nosa tarefa vai comezar por facer a cara do noso</p>	<p>Educación infantil: (ACRR) CA3.3 Participar na interacción social disfrutando das situacións comunicativas cunha actitude respectuosa.(OBX1)</p> <hr/> <p>1º Educación primaria: (ALG) CE2.6 Participar en interaccións orais espontáneas, respectando as normas básicas de cortesía lingüística e utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuenciación coherente e incorporando estratexias elementais de escoita activa.(OBX3)</p>	<p>- Escala de valoración</p>

<p>cosplay aínda que imos practicar moitas habilidades.</p>		
<p>7. Facemos bocexos O primeiro paso para crear a nosa máscara é facer un bocexo de cómo queremos que sexa e que nos oriente ao longo do proceso. Temos que chegar a acordos no grupo para escoller os elementos entre todxs.</p>	<p>Educación infantil: (ACRR) CA1.6 Tomar a iniciativa na interacción social disfrutando das situacións comunicativas cunha actitude respectuosa.(OBX1)</p> <p>1º Educación primaria: (ALG) CE2.6 Participar en interaccións orais espontáneas, respectando as normas básicas de cortesía lingüística e utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuenciación coherente e incorporando estratexias elementais de escoita activa.(OBX3)</p>	<p>- Escala de valoración</p>
<p>8.Traxes e formas Facemos pequenos patróns debuxando as siluetas dos bonecxs de papel. Observando que segundo o tamaño do boneco a silueta varía.</p>	<p>Educación infantil: (ADEE) CA1.2. Relacionar objetos a partir de sus cualidades o atributos básicos mostrando curiosidad e interés. (ADEE) CA7.2 Elaborar creacións plásticas explorando e utilizando diferentes materiais e técnicas participando activamente no traballo en grupo. (OBX3)</p> <p>1º Educación primaria: (AM) CE1.7 Recoñecer as matemáticas presentes na vida cotiá e noutras áreas , establecendo conexións sinxelas entre elas.(OBX5)</p>	<p>- Escala de valoración</p>
<p>9. Creamos un rostro con vendas. Para realizar a máscara do noso cosplay imos comezar por traballar con escaiola para construír unha superficie sólida que poidamos decorar e pintar posteriormente. Superpoñemos</p>	<p>Educación infantil: (ADEE) CA7.2 Elaborar creacións plásticas explorando e utilizando diferentes materiais e técnicas participando activamente no traballo en grupo. (OBX3)</p> <p>1º Educación primaria: (AEPV) CE2.1 Producir obras propias de xeito guiado, utilizando algunha das posibilidades expresivas do corpo a imaxe e os medios dixitais básicos, experimentando con diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance. (OBX3)</p>	<p>- Escala de valoración</p>

vendas de escaiola sobre unha careta de cartón.		
<p>10. Aprendemos a coser Practicamos a habilidade de enhebrar unha agulla e dar puntadas introducindo a agulla e sacándoa nunha tela de bordado cun bastidor.</p>	<p>Educación infantil: (ACA) CA3.1. Manexar diferentes obxectos, útiles e ferramentas en situacións de xogo e na realización de tarefas cotiás mostrando un control progresivo e de coordinación de movementos de carácter fino.(OBX1) (ACA) CA1.4. Afrontar retos corporais manifestando actitudes de superación e, no seu caso , solicitando axuda.(OBX1)</p> <hr/> <p>1º Educación primaria: (EPV) CE2.1 Producir obras propias de xeito guiado, utilizando algunha das posibilidades expresivas do corpo a imaxe e os medios dixitais básicos, experimentando con diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance. (OBX3)</p>	- Escala de valoración
<p>11. Trenzamos Con lás de cores aprendemos a alternar os fíos por orde para confeccionar trenzas de cores que podemos logo a modo de decoración na nosa máscara.</p>	<p>Educación infantil: (ACA) CA1.4. Afrontar retos corporais manifestando actitudes de superación e, no seu caso , solicitando axuda.(OBX1)</p> <hr/> <p>1º Educación primaria: (AEPV) CE2.1 Producir obras propias de xeito guiado, utilizando algunha das posibilidades expresivas do corpo a imaxe e os medios dixitais básicos, experimentando con diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance. (OBX3)</p>	- Escala de valoración
<p>12. Rizos de alambre. Cun pao fino e limpiapipas de cores aprendemos a facer</p>	<p>Educación infantil: (ACA) CA1.4. Afrontar retos corporais manifestando actitudes de superación e, no seu caso , solicitando axuda.(OBX1)</p>	- Escala de valoración

<p>tirabuzóns para logo utilízalos de adorno nas máscaras.</p>	<p>1º Educación primaria:</p> <p>(AEPV) CE2.1 Producir obras propias de xeito guiado, utilizando algunha das posibilidades expresivas do corpo a imaxe e os medios dixitais básicos, experimentando con diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance. (OBX3)</p>	
<p>13. Abalorios Enhebramos nunha tanza abalorios de cores seguindo patróns. Utilizaremos estes colares para adornar tamén as máscaras.</p>	<p>Educación infantil: (ACA) CA1.4. Afrontar retos corporais manifestando actitudes de superación e, no seu caso, solicitando axuda.(OBX1)</p> <p>1º Educación primaria: (AEPV) CE2.1 Producir obras propias de xeito guiado, utilizando algunha das posibilidades expresivas do corpo a imaxe e os medios dixitais básicos, experimentando con diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance. (OBX3)</p>	<p>- Escala de valoración</p>
<p>14. Pintamos as máscaras Pintamos as máscaras con pinceis e pinturas acrílicas. Repartimos a superficie da máscara no equipo para que cada un pinte unha parte.</p>	<p>Educación infantil (ADEE) CA7.2 Elaborar creacións plásticas explorando e utilizando diferentes materiais e técnicas participando activamente no traballo en grupo. (OBX3)</p> <p>1º Educación primaria: (AEPV) CE2.1 Producir obras propias de xeito guiado, utilizando algunha das posibilidades expresivas do corpo a imaxe e os medios dixitais básicos, experimentando con diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance. (OBX3)</p>	<p>- Escala de valoración</p>
<p>15. Adornamos as máscaras. Con todos os elementos decorativos que creamos e outros que temos en caixas (purpurina, brillantes, stickers, cascabeis,</p>	<p>Educación infantil: (ADEE) CA7.2 Elaborar creacións plásticas explorando e utilizando diferentes materiais e técnicas participando activamente no traballo en grupo. (OBX3)</p> <p>1º Educación primaria:</p>	<p>- Escala de valoración</p>

pompones...) decoramos a máscara en equipo.	(AEPV) CE2.1 Producir obras propias de xeito guiado, utilizando algunha das posibilidades expresivas do corpo a imaxe e os medios dixitais básicos, experimentando con diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance. (OBX3)	
16. Retratamos as máscaras co ipad. Iremos facendo fotos en equipo das máscaras para logo utilizalas na aplicación chatterpix e animalas.	Educación infantil (ACRR) CA1.6 Tomar a iniciativa na interacción social disfrutando das situacións comunicativas cunha actitude respectuosa.(OBX1) <hr/> 1º Educación primaria: (ACCSS) CE1.1 Utilizar dispositivos e recursos dixitais de xeito seguro e de acordo as necesidades do contexto educativo.(OBX1)	- Escala de valoración
17. Grabamos unha mensaxe. Pensamos entre todos nunha mensaxe que poda dicir a máscara e a grabamos. Finalmente engadimos stickers que decidimos poñer entre todxs.	Educación infantil (ACRR) CA1.6 Tomar a iniciativa na interacción social disfrutando das situacións comunicativas cunha actitude respectuosa.(OBX1) <hr/> 1º Educación primaria: (ACCSS) CE1.1 Utilizar dispositivos e recursos dixitais de xeito seguro e de acordo as necesidades do contexto educativo.(OBX1)	- Escala de valoración
18. Compartimos impresións: <i>Rutina de pensamento:</i> “Antes pensaba, agora penso” - Reflexión final no círculo. Cada un responde antes de rematar a sesión á pregunta: - Que foi o que máis me gustou facer nesta tarefa?	Educación infantil: (ACRR) CA8.3 Expresar sensacións, sentimentos e emocións ante as distintas representacións artísticas.	- Escala de valoración

	<p>1º Educación primaria:</p> <p>(AEPV) CE 2.5 Compartir as experiencias creativas plásticas e visuais, disfrutando e explicando o proceso e o resultado final obtido.</p>	
CONTIDOS ESPECÍFICOS DA TAREFA		

INFANTIL

- O desexo de comunicarse. A emoción e a cercanía como base do intercambio comunicativo.
- Ampliación do repertorio lingüístico individual.
- Empleo dunha linguaxe rica e libre de estereotipos.
- Participación de forma oral en conversas, narracións, anécdotas, xogos colectivos e outros enriquecendo o seu repertorio lingüístico.
- Interpretacións de mensaxes orais a través da escoita activa.
- Adquisición e uso preciso de vocabulario para a denominación da realidade, pronunciación clara e funcionalidad.
- O turno de diálogo e a alternancia en situacións comunicativas que potencien o respecto e a igualdade.
- Descubrimiento y reconocimiento del propio cuerpo, de la propia imagen y la de las personas de su entorno. Identificación y respeto de las diferencias.
- Adaptación y progresivo control de la coordinación, del tono, de los desplazamientos y de la postura a las diferentes situaciones de la vida cotidiana.
- Experimentación manipulativa y dominio progresivo de coordinación visomotriz en el contacto con objetos y materiales.
- Toma de conciencia progresiva de su identidad, evitando la instalación de estereotipos de género.
- Identificación, verbalización y expresión de sentimientos, emociones, vivencias, preferencias e intereses propios y de las demás personas.

1º EDUCACIÓN PRIMARIA

- Recoñecemento e valoración do contido de textos orais e multimodais sinxelos da información máis relevante e dos elementos básicos da comunicación non verbal.
- Interés pola ampliación de vocabulario básico.
- Interacción oral axeitada en situacións de aula con respecto ás normas sociais, utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente.
- Identificación e descripción das partes do corpo humano
- Creación de textos orais básicos utilizando unha linguaxe verbal non discriminatoria e respetuosa coas diferencias.
- Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación.
- Valoración e interés, tanto do proceso como do produto final, en producións plástica e visuais.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas plásticas e visuais.
- Identificación de unidades non convencionais (palmo, pie, paso, cucharada, puñado, pedazo) presentes no contexto próximo.
- Estimación de medidas por comparación directa con outras medidas en contextos de resolución de problemas cotiás.
- Recursos dixitais para comunicarse con persoas coñecidas en entornos coñecidos e seguros.
- Estratexias básicas de traballo en equipo.

3. TRANSPOSICIÓN DIDÁCTICA (1)				
ACTIVIDADES	EXERCICIO 1	EXERCICIO 2	EXERCICIO 3	EXERCICIO 4
1. Presentación da tarefa.	Facemos un círculo de presentación e formulamos preguntas sobre o tema que imos tratar: Que é un Cosplay?	Compartimos ideas no círculo por orde respectando os turnos de palabra.	Visualizamos a presentación explicativa na pantalla.	
2. Cosmaker-cosplay	Relacionamos estes dous términos e buscamos exemplos entre todos de profesións ou actividades e produto final.	No panel de imaxes levamos o beebot dende unha casilla a outra atopando as parellas de imaxes axeitadas.		
3. O rostro	Imos nomeando entre todas as partes do rostro e aprendemos os seus nomes en galego.	Xogamos cun xogo de tarxetas de caras a atopar que elemento falta e debuxalo.	Xogamos a compoñer caras sobre láminas con formas circulares con elementos individuais que atopamos en caixas que representan os distintos elementos do rostro (beizos, ollos...)	Facemos unha foto da nosa creación.
4. O corpo	Observamos todos os bonecxs de papel que temos e as distintas indumentarias para vestidos. O único que condiciona a vestimenta é o tamaño. Introducimos o concepto de talla. Grande, pequena e mediana.	Vestimos os bonecxs alonxándonos de estereotipos de xénero porque os traxes sunha mesma talla serven indistintamente para bonecos e bonecas.	Intercambiamos bonecxs e traxes co resto do equipo para facer novas combinacións.	Facemos unha foto da nosa creación.

5. Dramatizacións	Observamos as tarxetas e vemos que todas son para todxs, non hai condicionamentos de xénero.	Repartimos as tarxetas entre cada membro do equipo e comezamos a buscar os elementos da tarxeta.	Vestímonos con elementos seleccionados, solicitando a axuda dos compañeirxs en ocasións.	Pedimos aos compañeirxs que nos fagan unha foto para poder vernos.
6. Traballamos de cosmakers	Explicamos en gran grupo que imos realizar distintas actividades para elaborar a nosa primeira tarefa. Explicamos cada unha e explicamos a rotación dos equipos por mesas e os tempos.			
7. Facemos bocexos	Nesta estación imos deseñar a máscara que queremos facer nun papel cunha máscara en branco impresa.			
8. Traxes e formas	Na mesa temos uns bonecxs grandes de carton plastificados e temos que coller un papel e calcar a silueta para facerlles roupa.			
9. Creamos rostros con vendas.	Na mesa temos unha máscara, vendas e un recipiente con auga. Iremos mollendo as vendas e colocándoas enriba da careta para ir cubríndoas			

	toda sen tapar os ollos e a boca.			
10. Aprendemos a coser.	Temos un bastidor para cada membro do equipo na mesa. Repartímolos.	Collemos un ovillo de lã e cortamos un anaco segundo un modelo dado.	Enhebramos unha agulla coa lã e facemoslle un nudo no extremo.	Damos puntadas no bastidor ata rematar o fío.
11. Trenzamos	Collemos tres anacos de lã das cores que queramos e unímolos nun extremo cun nudo.	Cun velcro situado na mesa aseguramos os fíos de lã e seguimos un patrón de trenzado.	Gardamos as trenzas nunha caixa para utilizalas posteriormente na decoración da máscara.	
12. Rizos de alambre	Collemos un pao e un limpiapipas. Cunha man aguantamos o extremo do limpiapipas no pao e coa outra rotamos o pao de xeito que vaíamos enroscando o alambre.	Colocamos o adorno nunha caixa e repetimos a mesma operación varias veces.		
13. Abalorios	Collemos un anaco de tanza que xa está cortado e no extremo ten un nudo. Imos metendo abalorios seguindo o patrón que queramos.	Reservamos os colares para decorar as máscaras na seguinte sesión.		
14. Pintamos as máscaras	Decidimos no equipo que cores imos utilizar na nosa máscara.	Repartimos zonas da máscara para cada membro.	Pintamos a máscara segundo o acordado.	
15. Decoramos as máscaras.	Imos a unha mesa coa nosa máscara recién pintada para engadirlle os adornos que	Imos chegando a acordos en equipo de qué decoración queremos colocarlle.		

	fomos creando e outros dispostos na mesa.			
16. Retratamos as máscaras co ipad.	Probámonos as máscaras que xa están listas. Facemos fotos grupais e individuais de cada máscara por equipos.	Collemos as imaxes dende o chatterpix do ipad onde fixemos as fotos. Animamos cos stickers a nosa máscara e decidimos o que vai dicir.		
17. Grabamos unha mensaxe.	Grabamos unha mensaxe que elaboramos en equipo. Pode ser a unha ou varias voces.	Escoitamos a nosa mensaxe dita pola máscara e a modificamos ou a gardamos segundo decidamos en equipo.		
18. Compartimos impresións	Facemos un círculo de despedida e plantexamos unha reflexión: que sabía antes e que sei agora sobre o cosplay.	Para finalizar cada un escolle a actividade que máis lle gustou na realización desta tarefa, pode ser mediante a palabra, o xesto ou sinalando unha imaxe que temos de cada actividade que realizamos.		

4. TRANSPOSICIÓN DIDÁCTICA (2)				
ACTIVIDADES	ESCENARIO	AGRUPAMIENTO	RECURSOS	TEMPORALIZACIÓN
1. Presentación da tarefa.	3, 4, 5 anos e 1º de educación primaria. Aula de 1º	Gran grupo (20 a 21 nenxs)	Panel scrum Obxecto da palabra Pantalla dixital Presentación canva	S1- Martes 9:30-10
2. Cosmaker-cosplay	3, 4, 5 anos e 1º de educación primaria. Aula de 1º	Equipos (de 4 a 5 nenxs) estación 1	Beebot e panel con ilustracións.	S1- Martes 10:00-10:10
3. O rostro	3, 4, 5 anos e 1º de educación primaria. Aula de 1º	Equipos (de 4 a 5 nenxs) estación 2 e 3	Tarxetas de rostros incompletos plastificadas. Rotuladores de pizarra branca. Láminas para compoñer caras. Stickers manipulables	S1- Martes 10:10-10:30
4. O corpo	3, 4, 5 anos e 1º de educación primaria. Aula de 1º	Equipos (de 4 a 5 nenxs) estación 4	Folios Rotuladores Bonecxs de papel plastificados en distintos tamaños.	S1-Martes 10:30-10:40
5. Dramatizacións	3, 4, 5 anos e 1º de educación primaria. Aula de 1º	Equipos (de 4 a 5 nenxs) estación 5	Cesto con disfraces e complementos. 5 Tarxetas impresas con elementos do cesto.	S1-Martes 10:40-10:50

6. Trabajamos de cosmakers. Explicación panel scrum co traballo por estacións.	3, 4, 5 anos e 1º de educación primaria. Aula de 1º	Gran grupo (20 a 21 nenxs)	Panel scrum cos debuxos das estacións.	S2-Xoves 9:30-10
7. Facemos bocexos	3, 4, 5 anos e 1º de educación primaria. Aula de 1º	Equipos (de 4 a 5 nenxs) estación 1	Láminas con máscaras en branco impresas. Lápis e rotuladores de cores.	S2-Xoves 10:00-10:10
8. Traxes e formas	3, 4, 5 anos e 1º de educación primaria. Aula de 1º	Equipos (de 4 a 5 nenxs) estación 2	Bonecxs de papel para vestir. Roupa de distintos tamaños.	S2-Xoves 10:10-10:20
9. Creamos rostros con vendas.	3, 4, 5 anos e 1º de educación primaria. Aula de 1º	Equipos (de 4 a 5 nenxs) estación 3 e 4	Máscaras de cartón. Vendas de escaiola. Bandexa con auga.	S2-Xoves 10:20-10:30
10. Aprendemos a coser.	3, 4, 5 anos e 1º de educación primaria. Aula de 1º	Equipos (de 4 a 5 nenxs) estación 5	Bastidores Agullas de plástico grosas. Lás de cores. Tesoiras.	S2-Martes 10:40-10:50
11. Trenzamos	3, 4, 5 anos e 1º de educación primaria. Aula de 1º	Equipos (de 4 a 5 nenxs) estación 1	Panel scrum Lá de cores. Tesoiras. Velcros adhesivos.	S3-Martes 10:00-10:10
12. Rizos de alambre	3, 4, 5 anos e 1º de educación primaria. Aula de 1º	Equipos (de 4 a 5 nenxs) estación 2	Limpiapipas de cores. Paos de madeira estreitos.	S3-Martes 10:10-10:20

13. Abalorios	3, 4, 5 anos e 1º de educación primaria. Aula de 1º	Equipos (de 4 a 5 nenxs) estación 3	Hama beads Tanzas cortadas e anudadas nun extremo.	S3-Martes 10:20-10:30
14. Pintamos as máscaras	3, 4, 5 anos e 1º de educación primaria. Aula de 1º	Equipos (de 4 a 5 nenxs) estación 4	Pinceis variados Pinturas acrílicas Paletas Bote con auga.	S3-Martes 10:30-10:40
15. Decoramos as máscaras.	3, 4, 5 anos e 1º de educación primaria. Aula de 1º	Equipos (de 4 a 5 nenxs) estación 5	Silicona Pompóns Stickers variados Brillantes Purpurina Plumas	S3-Martes 10:40-10:50
16. Retratamos as máscars co ipad.	3, 4, 5 anos e 1º de educación primaria. Aula de 1º	2 Equipos (10 a 11 nenxs)	Ipads App Chatterpix Máscaras	S4-Xoves 09:30-10:00
17. Grabamos unha mensaxe.	3, 4, 5 anos e 1º de educación primaria. Aula de 1º	2 Equipos (10 a 11 nenxs)	Ipads App Chatterpix Máscaras	S4-Xoves 10:00-10:30
18. Compartimos impresións	3, 4, 5 anos e 1º de educación primaria. Aula de 1º	Gran grupo (20 a 21 nenxs)	Obxecto da palabra.	S4-Xoves 10:30-10:50

5. AVALIACIÓN

ASPECTOS A AVALIAR	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN
ENSINANZA-APRENDIZAXE (ALUMNADO)	<ul style="list-style-type: none"> - Escala de valoración - Rexistro da observación directa 	<p>Como?: mediante a observación directa e sistemática</p> <p>Quen?: a mestra coordinadora de ámbito e as persoas especialistas que interveñen.</p> <p>Cando?: ao remate de cada xornada de ámbito recolle a información a titora e especialista que asiste ese día. Tamén ao remate da tarefa compartiranse perspectivas co equipo de ciclo e o equipo de nivel de primeiro nunha reunión de avaliación de ámbitos final. Farase fincapé nos aspectos positivos.</p>
PRÁCTICA DOCENTE	<ul style="list-style-type: none"> - Ficha de recollida de información: https://docs.google.com/presentation/d/1Qh9sZSdFAyD3VZeKO9GPfP0r01XR1sMa/edit?usp=share_link&oid=114554059693774750759&rtpof=true&sd=true 	<p>Como?: cumprimentando a ficha.</p> <p>Quen?: a mestra coordinadora de ámbito e as persoas especialistas que interveñen.</p> <p>Cando?: ao remate de cada xornada de ámbito recolle a información a titora e especialista que asiste ese día. Tamén ao remate da tarefa compartiranse perspectivas co equipo de ciclo e o equipo de nivel de primeiro nunha reunión de avaliación de ámbitos final. Farase fincapé nas propostas de mellora e nos aspectos positivos..</p>